



## **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018 (DOG do 08/10/2018), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de **eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS do alumnado**.

O consello escolar é o órgano colexiado a través do que participan na xestión do centro todos os sectores da comunidade educativa, polo que **é moi importante a participación de todos os pais e nais neste proceso**, presentando candidaturas e nas votacións.

O proceso de renovación rexerá polas seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 11, punto 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir** no presente proceso electoral a **un pai/nai (1)**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar.
2. Poden ser **candidatos/as** todas as nais e pais ou, se é o caso, os titores legais, que presenten a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio, ou que se pode descargar da páxina web. **As candidaturas poderán ser presentadas desde as 10.00 horas do día 7 ata as 14.00 horas do día 14 de novembro de 2018.**
3. Teñen **dereito ao voto o pai e a nai (os dous)** ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos, incluídos no censo que estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao Censo poderán realizarse ata as 14.00 horas do día 19 de novembro de 2018.
4. As **VOTACIÓNS** realizaranse nas dependencias do centro o **día 29 de novembro, xoves, de 16.30 a 20.30 horas.**
5. A **mesa electoral**, será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16'15 horas, e estará formada polo Director, como presidente, e catro pais/nais designados por sorteo.
6. Na **papeleta** de votación cada elector **marcará cunha X un máximo un nome (1)** dos candidatos presentados, que estarán relacionados por orde alfabética.
7. Cada elector deberá acreditarse, mediante a presentación do D.N.I. ou outro documento oficial. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vedra, a 5 de novembro de 2018

O DIRECTOR DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: José Viano Rey